

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DO MAR

*ORDE do 30 de xullo de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas en réxime de concorrencia competitiva destinadas á creación de organizacións de produtores pesqueiros e asociacións de organizacións de produtores pesqueiros do sector dos produtos da pesca e da acuicultura recoñecidas no ámbito exclusivo da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (código de procedemento PE155D).*

O Regulamento (UE) núm. 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, e se derroga o Regulamento (CE) núm. 1083/2006 do Consello (DOUE L347, do 20.12.2012) (Regulamento de disposicións comúns dos fondos EIE ou RDC); e o Regulamento (UE) núm. 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, e polo que se derrogan os regulamentos (CE) núm. 2328/2003, (CE) núm. 861/2006, (CE) núm. 1198/2006 e (CE) núm. 791/2007 do Consello, e o Regulamento (UE) núm. 1225/2011 do Parlamento Europeo e do Consello (DOUE, L149, do 20.5.2014) (Regulamento FEMP), constitúen o marco de financiamento comunitario para o período 2014-2020 que, entre outros, ten como obxectivo apoiar actuacións que fomenten un sector da pesca e acuicultura sustentable e respectuoso co ambiente para acadar os obxectivos da política pesqueira común (PPC), en consonancia cos obxectivos da chamada Estratexia Europa 2020. Por outra banda, mediante a Decisión do 13 de novembro de 2015, a Comisión aprobou o programa operativo para España do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) para o período de programación 2014-2020 para os efectos de concesión de axudas do devandito fondo neste Estado membro, de maneira que este contribúe á estratexia da UE para un crecemento intelixente, sustentable e integrador e á consecución dos obxectivos temáticos seleccionados e ás prioridades da Unión Europea.

O Regulamento FEMP establece no seu artigo 6 e dentro da prioridade 5, fomentar a comercialización e a transformación a través da mellora da organización dos mercados da pesca e da acuicultura, estimulando os investimentos nos sectores da transformación e da



comercialización. O capítulo IV do título V deste regulamento no seu artigo 68.1.a) recolle a posibilidade da concesión de axudas destinadas a medidas de comercialización de produtos da pesca e a acuicultura que teñan por obxecto a creación de organizacións de produtores pesqueiros e asociacións de organizacións de produtores pesqueiros.

Así mesmo, o Regulamento (UE) núm. 1380/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro, sobre a política pesqueira común, polo que se modifican os regulamentos (CE) núm. 1954/2003 e (CE) núm. 1224/2009 do Consello, e se derrogan os regulamentos (CE) núm. 2371/2002 e (CE) núm. 639/2004 do Consello e a Decisión 2004/585/CE do Consello (Regulamento sobre a PPC), establece no seu artigo 35 a creación dunha organización común de mercados (OCM), de maneira que as actividades da produción pesqueira e acuícola, incluída a transformación e comercialización, sexan economicamente viables e competitivas, tendo as organizacións profesionais encomendado un importante papel para alcanzar os obxectivos da política pesqueira común.

Esta organización común de mercados regúlase no Regulamento (UE) núm. 1379/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro, polo que se establece a organización común de mercados no sector dos produtos da pesca e da acuicultura, se modifican os regulamentos (CE) núm. 1184/2006 e (CE) núm. 1224/2009 do Consello e se derroga o Regulamento (CE) núm. 104/2000 do Consello, e foi desenvolvido parcialmente polo Regulamento de execución (UE) núm. 1419/2013 da Comisión, do 17 de decembro, relativo ao recoñecemento das organizacións de produtores e as organizacións interprofesionais, a aplicación extensiva das normas das organizacións de produtores e as organizacións interprofesionais e a publicación dos prezos de activación, de conformidade co Regulamento (UE) núm. 1379/2013.

As organizacións profesionais da pesca e da acuicultura están chamadas a desempeñar unha función de primeira orde para acadar os obxectivos e para a xestión da política pesqueira común e da organización común de mercados. O novo marco normativo reforza as súas actividades e facilita a axuda financeira necesaria para que poidan desempeñar unha misión máis importante na xestión da pesca, exercendo as súas actividades pesqueiras e da acuicultura de forma sustentable e mellorando a comercialización dos produtos.

Estas organizacións profesionais do sector dos produtos da pesca e da acuicultura recollidas na OCM, é dicir, as organizacións de produtores pesqueiros (OPP) e as asociacións de organizacións de produtores pesqueiros (AOP), así como as medidas que poden aplicar, están regradas en España a través do Real decreto 277/2016, do 24 de xuño, polo que se regulan as organizacións profesionais no sector dos produtos da pesca e da acui-



cultura e, así mesmo, a través do Real decreto 956/2017, do 3 de novembro, polo que se establece o marco regulador de axudas ás organizacións profesionais do sector da pesca e da acuicultura, cofinanciadas polo FEMP, e as súas bases reguladoras de ámbito estatal, e polo que se modifican o Real decreto 418/2015, do 29 de maio, polo que se regula a primeira venda de produtos pesqueiros, e o Real decreto 277/2016, do 24 de xuño, polo que se regulan as organizacións profesionais no sector dos produtos da pesca e da acuicultura.

Noutro ámbito, no programa operativo para España do FEMP para o período de programación 2014-2020, aprobado por Decisión da Comisión do 13 de novembro de 2015, programouse o apoio do FEMP para as medidas relacionadas coa comercialización e a transformación. As ditas medidas xorden pola necesidade de mellorar a competitividade das organizacións profesionais, potenciando a súa creación. O primeiro comité de seguimento do FEMP, que tivo lugar o 17 de febreiro de 2016, aprobou os criterios de selección xerais das axudas do FEMP indicados no programa operativo. Con posterioridade o mencionado comité aprobou os criterios de selección específicos para o artigo 68 do Regulamento FEMP, así como o plan de información e publicidade. Estes criterios aseguran alcanzar os obxectivos e resultados da prioridade recollida no artigo 6.5.a) do FEMP. En todo caso, estes criterios de selección aprobados velarán por promover a igualdade entre homes e mulleres e non discriminación, así como perseguir un desenvolvemento sustentable, en virtude dos artigos 7 e 8 do Regulamento RDC, horizontal, por tanto, para todas as medidas cofinanciadas con fondos europeos.

Dentro deste marco, a liña de axuda que agora se recolle nesta orde está regulada no artigo 68.1.a) do Regulamento FEMP, cuxo obxecto é fomentar a creación de organizacións profesionais no sector dos produtos da pesca e da acuicultura, e establécese que se poderán conceder axudas para a creación de organizacións de produtores e das súas asociacións.

Para esta liña, o Comité de Seguimento do FEMP aproba conceder unha axuda durante os cinco primeiros anos desde a data do seu recoñecemento, sempre que fose a partir do 1 de xaneiro de 2014, que poderá alcanzar anualmente un valor a tanto alzado correspondente ao 1 % da media da produción comercializada polos membros das organizacións profesionais durante o últimos tres anos. Para efectos da percepción das axudas previstas no artigo 68.1.a) do Regulamento FEMP, no caso das OPP e AOP segundo o establecido no artigo 6.1 do Real decreto 956/2017, a axuda concederáse durante os cinco primeiros anos contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da resolución favorable emitida pola Administración competente. En todo caso, terase en conta o límite do 31 de decembro de 2023 do período de elixibilidade do actual programa operativo 2014-2020.



Para estes efectos a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Mar, publicou a Orde do 6 de xullo de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras xerais e a convocatoria, para o ano 2018, para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, ás organizacións de produtores pesqueiros e asociacións de organizacións de produtores pesqueiros do sector dos produtos da pesca e da acuicultura no ámbito exclusivo da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas co FEMP (DOG núm. 141, do 24 de xullo) a través da cal se concederon axudas ás OPP recoñecidas no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a partir do 1 de xaneiro de 2014; no entanto, dado que nesta convocatoria non se cubriron as cinco primeiras anualidades de funcionamento de determinadas OPP e que, con posterioridade a esta orde, foron recoñecidas OPP de nova creación no ámbito da nosa Comunidade Autónoma, procede unha nova convocatoria destas axudas para apoiar a creación destas organizacións que adquiren cada vez máis relevancia para o noso sector pesqueiro e acuícola.

Por último, debe destacarse que estas axudas son cofinanciadas pola Unión Europea a través do FEMP e, pola súa natureza, son axudas compatibles co mercado interior, e cumpren co disposto nos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea e na Comunicación da Comisión (2015/C 217/01), publicada no *Diario Oficial de la Unión Europea* do 2 de xullo de 2015, relativa ás directrices sobre axudas estatais para o sector dos produtos da pesca e a acuicultura.

Neste senso, conforme o establecido no artigo 31 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no artigo 20 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, no punto 2.2 do anexo XII do Regulamento de disposicións comúns dos fondos EIE e no Regulamento de execución (UE) núm. 763/2014 da Comisión do 11 de xullo de 2014 polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) núm. 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello relativo ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, no que respecta ás características técnicas das medidas de información e publicidade e as instrucións para crear o emblema da Unión (DOUE 16.7.2014), establécese na presente orde as medidas de difusión que debe adoptar o beneficiario da subvención para darlle adecuada publicidade ao carácter público deste financiamento.

Así mesmo, segundo o disposto no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a presente orde adecúase aos principios de boa regulación, xa que ten por obxecto dar resposta ás necesidades das organizacións profesionais do sector dos produtos da pesca e da acuicultura proporcio-



nando a seguranza xurídica necesaria para asegurar o seu adecuado funcionamento e investimentos que poidan levar a cabo, no marco do FEMP e a OCM.

Cómpre así publicar as bases reguladoras que establezan o procedemento para a concesión de determinadas axudas ao abeiro da normativa antes citada e realizar ao mesmo tempo a convocatoria destas axudas para o ano 2021 para a creación de organizacións profesionais, coa finalidade de apoiar o sector pesqueiro, no seu sentido máis amplo, en medidas que contribuirán a facelo máis competitivo e respectuoso co seu contorno.

En consecuencia, e de acordo co disposto no artigo 27.15 do Estatuto de autonomía de Galicia, e en uso das competencias que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, oído o sector interesado, en virtude das competencias que ten atribuída a Consellería do Mar en materia de organización de produtores pesqueiros e no exercicio das atribucións que me foron conferidas,

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1. *Obxecto*

1. Esta orde con código de procedemento PE155 D ten por obxecto establecer as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas destinadas á creación de organizacións de produtores pesqueiros (OPP) e de asociacións de organizacións de produtores pesqueiros (AOP) recoñecidas no ámbito autonómico galego e proceder á súa convocatoria para o 2021.

2. A axuda concederáse en apoio á súa creación e funcionamento da organización profesional durante os cinco primeiros anos naturais contado desde o día seguinte ao da recepción da notificación da resolución favorable emitida pola Administración competente.

Estas axudas só se poderán outorgar cando a recepción da notificación da resolución favorable da Administración competente de recoñecemento se realizara a partir do 1 de xaneiro de 2014.

##### Artigo 2. *Crédito orzamentario*

1. O importe fixado na presente convocatoria, así como as aplicacións a que se impute, poderase ampliar no caso de que exista crédito dispoñible derivado dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito, de remanentes doutras convocatorias ou en calquera dos casos e coas condicións establecidas no número 2 do artigo 30 do Regulamento da



Lei de subvencións de Galicia (Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro), sen que iso dea lugar á apertura dun novo prazo de presentación de solicitudes, agás indicación expresa en contrario na orde que se publique para o efecto.

2. En todo caso, o incremento do crédito queda condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia das circunstancias antes sinaladas e, se fose o caso, logo de aprobación da modificación orzamentaria que proceda.

3. A concesión das axudas queda condicionada á efectiva existencia de crédito axeitado e abondo no momento da resolución.

4. As axudas concederanse con cargo ás aplicacións orzamentarias que figuran no cadro que se insire, dotadas no orzamento de gastos da Consellería do Mar para o ano 2021. Os importes máximos das subvencións que se concedan no dito exercicio orzamentario ascenderán ás seguintes contías:

Aplicación orzamentaria	Organización	Importe
2021.15.02.723B.780.2	Sen ánimo de lucro	300.000,00 €
2021.15.02.723B.770.3	Con ánimo de lucro	300.000,00 €

### Artigo 3. *Persoas beneficiarias*

1. Poderán ser beneficiarias das subvencións reguladas nesta orde as organizacións de produtores pesqueiros (OPP) e asociacións de organizacións de produtores pesqueiros (AOP) recoñecidas no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a partir do 1 de xaneiro de 2014, inscritas no Rexistro de Organizacións de Produtores Pesqueiros ou no Rexistro de Asociacións de Organizacións de Produtores Pesqueiros, establecidos no artigo 8 do Real decreto 277/2016, do 24 de xuño, e que non teñan recibido nos primeiros cinco anos desde o seu recoñecemento o total das axudas á creación das devanditas organizacións profesionais, conforme o establecido no artigo 6 do Real decreto 956/2017, do 3 de novembro.

2. A axuda limitase ao funcionamento das devanditas OPP ou AOP para aquelas anualidades, que, respectando o límite máximo dos 5 anos desde a súa creación, lles correspondan. Cada anualidade contarase desde o día seguinte ao da recepción da notificación da resolución favorable emitida pola Administración competente e ata un ano natural despois, sempre e cando o remate da anualidade estea establecido como moi tarde, dentro do prazo de presentación de solicitudes da presente convocatoria.



**Artigo 4. *Requisitos xerais das persoas beneficiarias***

Os beneficiarios das axudas reguladas pola presente orde estarán suxeitos aos seguintes requisitos:

a) Estar ao corrente no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

b) Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

c) Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

d) Non ter cometido infracción grave da política pesqueira común, definida como tal en actos lexislativos do Parlamento Europeo e do Consello.

e) No marco do FEP ou FEMP, non ter sido declarado culpable de cometer fraude, segundo a definición do artigo 1 do Convenio relativo á protección dos intereses financeiros das comunidades europeas (DOUE serie C 316, do 27.11.1995).

f) Non estar nin ter estado nos últimos 24 meses involucrado na explotación, xestión ou propiedade dos buques incluídos na lista comunitaria dos buques INDNR (pesca ilegal non declarada e non regulamentada) ou de buques que nin estean nin estivesen nos últimos 12 meses enarborando o pavillón de países considerados terceiros países non cooperantes ao abeiro do Regulamento (CE) núm. 1005/2008 do Consello, do 29 de setembro, polo que se establece un sistema comunitario para previr, desalentar e eliminar a pesca ilegal, non declarada e non regulamentada.

g) Manter a condición de beneficiario, cumprindo os requisitos de admisibilidade previstos no artigo 10 do Regulamento FEMP.

h) Cumprir o disposto nos artigos 71 e 140 do Regulamento 1303/2013, do 17 de decembro de 2013 (Regulamento RDC).

i) Levar unha contabilidade separada, ou dispor dun código contable adecuado das transaccións relacionadas coas operacións obxecto de financiamento, que permita seguir a pista de auditoría.



j) Acreditar, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión, que está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

k) Someterse a actuacións de comprobación e control dos distintos órganos competentes.

#### Artigo 5. *Requisitos específicos das persoas beneficiarias*

1. Sen prexuízo do anterior, a persoa beneficiaria deberá, ademais, cumprir os seguintes requisitos:

a) Ter sido recoñecida como unha OPP ou AOP no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia,

b) Estar inscrita no Rexistro de Organizacións de Produtores Pesqueiros ou no Rexistro de Asociacións de Organizacións de Produtores Pesqueiros, establecidos no artigo 8 do Real decreto 277/2016,

c) Ter recepcionado a notificación da resolución favorable da Administración competente de recoñecemento da OPP ou AOP a partir do 1 de xaneiro de 2014.

d) No caso das OPP, ter presentados desde a data de recoñecemento os correspondentes plans de produción e comercialización (PPEC) e ter obtido a súa aprobación, segundo o establecido no artigo 14.3 e 5 do Real decreto 277/2016, do 24 de xuño.

e) No caso das OPP, ter presentado, desde a data de recoñecemento, os correspondentes informes anuais dos PPEC e ter obtido a súa aprobación, segundo o establecido no artigo 15.3 do Real decreto 277/2016, do 24 de xuño.

2. As organizacións profesionais deberán manter os requisitos anteriores durante cinco anos despois da data contable do último pagamento da axuda, sen prexuízo do cumprimento do disposto no artigo 10 do Regulamento FEMP.

#### Artigo 6. *Obrigas das persoas beneficiarias*

Os beneficiarios destas axudas están obrigados a:

a) Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará o órgano concedente ou calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control





competentes, tanto nacionais como comunitarios, e achegar tanta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

b) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos durante un período mínimo de cinco anos desde a percepción do último pagamento, para os efectos de comprobación e control.

c) Levar un sistema de contabilidade separada ou asignar un código contable adecuado a todas as transaccións relacionadas coa subvención que permita seguir a pista de auditoría.

d) Comunicarlle á Consellería do Mar a obtención doutras subvencións e axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente, tanto público como privado.

e) Comunicarlle á Consellería do Mar calquera circunstancia que poida afectar substancialmente a execución dos fins para os cales foi concedida a axuda.

f) No caso de que a axuda outorgada sexa igual ou superior a 100.000,00 € a persoa beneficiaria deberá dar adecuada publicidade ao seu carácter público, con expresa mención á participación do Fondo Europeo e Marítimo de Pesca. En particular, e dadas as características desta axuda, publicarase na páxina web da OPP ou AOP facendo unha breve descrición do seu obxecto e de xeito proporcionado ao nivel de apoio prestado, cos seus obxectivos e resultados e destacando o apoio financeiro da Unión Europea e da Comunidade Autónoma.

No caso de que a entidade beneficiaria non tivese páxina web deberá colocar nun lugar ben visible para o público un cartel con información sobre o proxecto. Para estes efectos deben utilizar o modelo de cartel «investimentos FEMP», dispoñible na aplicación OPPGA, á que todas as organizacións profesionais recoñecidas en Galicia teñen acceso.

g) Durante os cinco anos seguintes ao pagamento final a persoa beneficiaria:

– Non poderá ter cometido unha infracción grave da PPC nin do Regulamento (CE) núm. 1005/2008, do Consello, polo que se establece un sistema contra a pesca ilegal, non declarada e non regulamentada, e do Regulamento (CE) núm. 1224/2009, do Consello, polo que se establece un réxime comunitario de control.



– Non poderá ter sido declarado culpable de cometer fraude, nin estar incluídos na lista comunitaria dos buques INDNR (pesca ilegal non declarada e non regulamentada) ou de buques que enarbořen o pavillón de países considerados terceiros países non cooperantes ao abeiro do Regulamento (CE) núm. 1005/2008, do Consello, do 29 de setembro de 2008.

– Non poderá cesar a actividade produtiva, relocalizar a actividade fóra de Galicia, nin producir cambios substanciais que afecten a natureza, aos obxectivos ou ás condicións de execución da operación, de modo que menoscaben os seus obxectivos orixinais. A Consellería do Mar, solicitará o reintegro da axuda de forma proporcional ao período durante o cal se incumprisen os requisitos, segundo o disposto no artigo 71 do Regulamento (UE) núm. 1303/2013.

#### Artigo 7. *Cálculo da contía da axuda*

1. A axuda delimitase aos cinco primeiros anos de funcionamento, contado desde o día seguinte á recepción da notificación da resolución favorable de recoñecemento, sempre que fose realizada a partir do 1 de xaneiro de 2014. No caso de que a organización profesional tivera percibido esta axuda noutra convocatoria, soamente poderán solicitarse e, polo tanto, terse en conta para o cálculo da axuda no marco desta orde, as anualidades que quedaran pendentes de apoio financeiro no período de referencia. A organización deberá indicar no punto correspondente da solicitude (anexo I), para cal das cinco anualidades solicita a axuda e o período que corresponde para cada unha delas.

Cada anualidade contarase desde o día seguinte á recepción da notificación da resolución favorable emitida pola Administración competente e ata un ano natural despois. Poderán ser consideradas para o cálculo da contía da axuda todas ou algunha das primeiras cinco anualidades de funcionamento da OPP ou AOP, sempre e cando o remate da anualidade estea establecido, como moi tarde, dentro do prazo de presentación de solicitudes da presente convocatoria.

2. A organización profesional deberá declarar responsablemente, no apartado correspondente do anexo II desta orde, a anualidade ou anualidades de funcionamento para as que solicita a axuda, os datos da súa produción correspondentes aos tres últimos anos civís anteriores á devandita anualidade, calculada mediante a suma do valor da produción comercializada por cada un dos membros da OPP durante eses exercicios. Para isto, deberá tamén declarar no anexo II cales son as embarcacións tidas en conta para o cálculo desta produción.



A determinación do importe final elixible para cada unha das anualidades virá dado polo valor en euros, a tanto alzado, correspondente ao 1 % da media do valor da produción da OPP ou AOP dos últimos tres anos civís anteriores, sen prexuízo das comprobacións que poida realizar a unidade tramitadora nos rexistros oficiais e da limitación establecida no punto 3 do presente artigo.

3. A contía máxima por anualidade para cada unha das organizacións profesionais solicitantes non poderá superar os 100.000 euros.

#### Artigo 8. *Investimento máximo subvencionable e intensidade das axudas*

1. As axudas reguladas nesta orde teñen o carácter de subvencións de capital e non constitúen axudas de estado.

2. A intensidade da axuda pública é do 100 %.

3. Do total da intensidade da axuda pública, o 75 % do importe total será cofinanciado polo FEMP, e o outro 25 % realizarase con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia.

#### Artigo 9. *Compatibilidade das axudas*

1. Estas axudas son incompatibles coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

2. Os beneficiarios deberán dar a coñecer, mediante declaración, as axudas que obtiveren ou solicitarasen para a actividade subvencionada, tanto ao presentaren a solicitude de axudas como en calquera momento ulterior no que se produza esta circunstancia.

#### Artigo 10. *Forma de presentación das solicitudes*

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado, anexo I, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>).

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesada presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa



presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

#### Artigo 11. *Prazo de presentación de solicitudes*

Para esta convocatoria do ano 2021 o prazo de presentación das solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Enténdese como último día do prazo o correspondente ao mesmo día ordinal do día da publicación e, se no mes de vencemento non hai día equivalente ao inicial do cómputo, enténdese que o prazo expira o último día de mes. No caso de que o último día sexa inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

#### Artigo 12. *Documentación complementaria*

1. Ademais doutras obrigas documentais que se recollan na presente orde, as entidades solicitantes deberán achegar:

– A solicitude (anexo I) debidamente cuberta onde se fagan constar os datos solicitados, tendo especial relevancia a indicación das anualidades de funcionamento da OPP ou AOP para as que a organización solicita a axuda, xunto coa indicación do período correspondente a cada anualidade, conforme o establecido no segundo parágrafo do punto 1 do artigo 7.

– Anexo II, declaracións responsables, debidamente cuberto, onde se fagan constar os datos solicitados, en especial aqueles precisos para o cálculo da contía da axuda, para o cálculo dos criterios específicos na fase de valoración de solicitudes e para o cálculo do indicador de resultado.

2. Así mesmo, segundo proceda, presentarase a seguinte documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento:

a) Poder suficiente da persoa representante, no caso de que tal poder non figure nos estatutos: deberá presentar o poder ou outra documentación acreditativa das facultades representativas da persoa física que actúe como representante da persoa xurídica.



b) Copia da escritura de constitución e estatutos da sociedade, así como as modificacións posteriores debidamente inscritas no rexistro correspondente.

c) Certificado actualizado da declaración censual de alta en obrigas tributarias.

d) Declaración doutras axudas solicitadas (incluíndo préstamos subvencionados), concedidas ou que se pretendan solicitar a calquera outra Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais, destinadas a subvencionar total ou parcialmente o proxecto para o cal se solicita a axuda. Esta declaración está incluída no anexo I. Deberá achegarse a resolución da axuda no caso de axudas doutras administracións distintas da Xunta de Galicia, de ser o caso.

De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non será necesario achegar os documentos que xa foron presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán obtidos electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se puidesen obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa interesada a súa achega.

3. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o esixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar, de maneira motivada, o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que se poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.



4. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberanse indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se se dispón del.

5. No caso de que algún dos documentos se vaia presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivese un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitírase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

### Artigo 13. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborado polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) NIF da entidade solicitante.
- b) DNI/NIE da persoa representante.
- c) Resolución da axuda concedida para subvencionar total ou parcialmente o mesmo proxecto solicitado, no caso de axudas concedidas pola Xunta de Galicia.
- d) Informe acreditativo de non ter pendente de pagamento ningunha obriga por reintegro de subvencións emitido pola Axencia Tributaria de Galicia (Atriga).
- e) Informe acreditativo de non ter sanción firme pendente de pagamento por infracción da normativa marítimo-pesqueira, emitido polo Servizo Técnico-Xurídico da Consellería do Mar.
- f) Informe acreditativo de non estar en concurso de acredores (artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia) obtido a través do Rexistro Público Concursal do Ministerio de Xustiza.
- g) Informe acreditativo de non ter cometido infracción grave da política pesqueira común, do Regulamento (CE) núm. 1005/2008, do Consello, polo que se establece un sistema contra a pesca ilegal, non declarada e non regulamentada, e do Regulamento (CE)



núm. 1224/2009, do Consello, polo que se establece un réxime comunitario de control, emitido polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

h) Informe do Servizo Técnico-Xurídico da Consellería do Mar de non ter cometidas infraccións graves conforme ao disposto no artigo 10.1 a) do Regulamento (UE) núm. 508/2014, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca.

i) Non ter sido declarado culpable de cometer fraude segundo o Sistema nacional de publicidade de subvencións do Ministerio de Facenda e Función Pública, no marco do FEMP.

j) Informe acreditativo de non estar nin ter estado, nos últimos 24 meses, involucrado na explotación, xestión ou propiedade dos buques incluídos na lista comunitaria dos buques INDNR, obtido a través da base de datos do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

k) Certificación emitida polo organismo competente, acreditativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT).

l) Certificación emitida polo organismo competente, acreditativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

m) Certificación emitida polo organismo competente, acreditativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Administración Autonómica de Galicia, emitido pola Axencia Tributaria de Galicia (Atriga).

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta destes datos, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos.

Cando así o esixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.



**Artigo 14. Tramitación de solicitudes**

Estas axudas concederanse de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación e eficacia e eficiencia, establecidos no artigo 5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**A. Instrución das solicitudes.**

1. Inicio do expediente: o Servizo de Mercados da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica da Consellería do Mar analizará os expedientes e requirirá a documentación necesaria, de ser o caso.

2. Se a solicitude non reúne algún dos requisitos esixidos nestas bases reguladoras ou na correspondente convocatoria, requirirase ao interesado para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a deficiencia ou remita os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixer, se dará por desistido da súa solicitude.

Este requirimento de emenda tamén se fará se das certificacións obtidas de conformidade co artigo 13 desta orde resulta que o solicitante non está ao corrente no pagamento das súas obrigas tributarias co Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social.

A documentación requirida para a emenda da solicitude deberá presentarse por medios electrónicos. No caso de que a persoa interesada a presente presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerase como data de presentación aquela na que fose realizada a corrección.

3. Sen prexuízo do sinalado no número anterior, poderá requirirse ao solicitante para que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

4. Para os expedientes que non cumpran as esixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, o órgano instructor formulará a proposta de resolución de non admisión ou de desistimento, segundo sexa o caso, na cal se indicarán as causas que a motivan

5. Sempre que se teñan en conta para a resolución das axudas aspectos distintos aos aducidos polos interesados, darase a estes un trámite de audiencia con carácter previo á avaliación dos expedientes que faga a comisión de valoración.





**B. Valoración.**

Valoraranse as solicitudes de axuda tendo en conta:

**1. Criterios xerais:**

a) Adecuación das solicitudes destas axudas á creación de OPP ou AOP á análise DAFO do programa operativo do FEMP, á estratexia e ao cumprimento dos fins do obxectivo específico deste. Valoración alta (4 puntos), valoración media (2 puntos), valoración baixa (1 punto) e valoración nula (0 puntos).

b) Contribución das solicitudes destas axudas á creación de OPP ou AOP á consecución dos indicadores de resultado do programa operativo. Valoracións: alta (4 puntos), media (2 puntos), baixa (1 punto) ou nula (0 puntos).

c) Implicación das solicitudes destas axudas á creación de OPP ou AOP noutras prioridades, indicadores de resultado ou plans estratéxicos. Valoracións: alta (4 puntos), media (2 puntos), baixa (1 punto) ou nula (0 puntos).

O órgano instrutor emitirá un «informe de idoneidade» para cada solicitude que alcance esta fase no que se cualificará o proxecto de significativo (alto: >7 puntos), razoable (medio: >5 e ≤7), deficiente (baixo: >2 e ≤5) ou inadecuado (nulo: ≤2), en función dos puntos totais que obteña.

Os proxectos que sexan cualificados como inadecuados entenderanse non viables para a obtención dos fondos públicos. Para tal efecto o órgano instrutor formulará a proposta de resolución de denegación da axuda, na cal se indicarán as causas que a motivan.

**2. Criterios específicos:**

Sen prexuízo dos criterios xerais do programa operativo do FEMP, e en consonancia co artigo 6.2 do Regulamento da OCM, establécense os seguintes criterios específicos de valoración de solicitudes, sendo 100 o máximo total de puntos que pode obter cada solicitante:

**a) Tipo de organización profesional:**

a.1) Organización de produtores pesqueiros: 40 puntos.



a.2) Asociación de organizacións de produtores pesqueiros: 30 puntos.

b) Clasificación da organización segundo o artigo 2.4 do Real decreto 277/2016, do 24 de xuño:

b.1) Segmento de pesca de altura e gran altura: 20 puntos.

b.2) Segmento de pesca litoral: 40 puntos.

b.3) Conxuntas de pesca e acuicultura: 50 puntos.

b.4) Segmento de pesca local: 60 puntos.

b.5) Outros segmentos da pesca: 40 puntos.

b.6) Segmento de acuicultura mariña: 50 puntos.

b.7) Segmento de acuicultura continental: 60 puntos.

A información relativa ao tipo de organización profesional e a súa clasificación deberá facerse constar pola propia organización profesional no anexo II da presente orde, sen prexuízo das comprobacións que realice a unidade tramitadora nos rexistros oficiais.

3. A puntuación final virá determinada pola suma das puntuacións recollidas nas alíneas a) e b) do número anterior.

4. En caso de empate, o resultado dirimirase en función do valor da produción comercializada, calculada como a media do valor da produción da OPP ou AOP dos últimos tres anos civís anteriores á solicitude, establecéndose a orde de menor a maior produción. Esta información deberá ser indicada pola propia organización profesional no anexo II da presente orde, sen prexuízo das comprobacións que realice a unidade tramitadora nos rexistros oficiais.

5. Unha vez ordenadas as solicitudes, atenderase ao pagamento destas co crédito que se indica nesta convocatoria. Segundo o artigo 19.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, se o orzamento destinado non alcanza para atender todas as solicitudes, ratearase o importe global máximo destinado ás subvencións entre os beneficiarios, atendendo á puntuación obtida na valoración dos criterios.



**C. Selección.**

1. Os expedientes que cumpran os requisitos para seren beneficiarios e teñan a documentación completa, unha vez obteñan a valoración, pasarán a unha comisión de selección constituída na Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica.

2. A composición da comisión de selección estará formada polos seguintes membros:

a) Presidente/a: a persoa que ocupe a Subdirección Xeral de Pesca e Mercados da Pesca.

b) Secretario/a: a persoa que ocupe a xefatura de servizo de Mercados.

c) Vogais: dúas persoas funcionarias adscritas á Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica designados polo/a presidente/a.

3. En caso de imposibilidade de asistir a algunha das sesións, os membros do órgano colexiado poderán ser substituídos pola persoa que designe o/a presidente/a. O órgano colexiado precisará de polo menos a maioría simple dos membros para a realización da selección.

4. As reunións da comisión de selección poderán celebrarse tanto de forma presencial como a distancia, nos termos establecidos pola normativa vixente que sexa de aplicación.

5. A comisión poderá propoñer que o órgano instrutor requira a documentación complementaria necesaria para a correcta valoración da solicitude de que se trate.

6. A comisión de selección poderá traballar asistida dos asesores que xulgue conveniente, así como solicitar informes a expertos técnicos externos ou internos.

7. A comisión de selección reunirse nunha sesión única para a elaboración da proposta de concesión ao órgano concedente, salvo no caso de que a suma dos investimentos subvencionables dos expedientes propostos non supere o crédito existente para as axudas, caso no que poderá celebrar cantas sesións considere necesarias, emitindo propostas parciais de concesión en cada unha das sesións.

8. Cando as solicitudes subvencionables superen as dispoñibilidades orzamentarias, o órgano instrutor determinará a asignación do orzamento dispoñible mediante pro rata do importe global máximo destinado ás subvencións na respectiva convocatoria entre todas



as solicitudes, conforme dispón o artigo 19.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

9. Os documentos, informes e certificados que sirvan para a avaliación das solicitudes formarán parte do expediente das axudas.

10. A Comisión de selección emitirá un informe co resultado da selección das solicitudes propostas para a súa concesión, que será incorporado ao expediente.

11. Na proposta que formule a comisión de selección figurarán de xeito individualizado os solicitantes propostos para obter a subvención, así como o importe da subvención proposto para cada un deles.

12. O presidente da comisión de selección elevará proposta de resolución ao órgano concedente, que ditará as correspondentes resolucións de concesión.

#### Artigo 15. *Resolución e aceptación*

1. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución da axuda será de tres meses contados a partir do día seguinte ao da data de publicación da presente Orde no *Diario Oficial de Galicia*, sendo o prazo límite de concesión o 31 de decembro de 2021. Transcorrido o prazo sen resolución expresa os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes, de conformidade co disposto no artigo 25 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. A resolución de concesión indicará entre outros aspectos os créditos orzamentarios aos cales se imputa o gasto e a contía da subvención individualizada.

#### Artigo 16. *Notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude.



Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderá de oficio crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico practica a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

#### Artigo 17. *Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes*

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

#### Artigo 18. *Aceptación da axuda*

No prazo de dez (10) días hábiles desde a notificación da resolución, os interesados deberán comunicar a aceptación ou rexeitamento da axuda. Transcorrido este prazo sen producirse manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada a axuda.

A aceptación da axuda implica a aceptación da súa inclusión coma persoa beneficiaria na lista de operacións publicada, de conformidade co artigo 119, número 2 do Regulamento FEMP.



**Artigo 19. *Recursos***

1. Contra a resolución expresa que se dite, que pon fin á vía administrativa, cabe interpor recurso potestativo de reposición perante a persoa titular da Consellería do Mar, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da súa notificación, ou recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación.

2. Se transcrido o prazo para resolver establecido no artigo 15 non lle é notificada a resolución ao interesado, entenderase desestimada por silencio negativo e caberá interpor recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería do Mar en calquera momento, ou recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de seis (6) meses, contados, en ambos dous casos, a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

3. Sen prexuízo do anterior, os interesados poderán exercer calquera outro recurso que consideren oportuno.

**Artigo 20. *Modificación de resolución***

1. Unha vez recaída a resolución de concesión, toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención ou a obtención concorrente de subvencións e axudas concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á súa modificación.

2. O acto polo cal se acorde a modificación da resolución de concesión ou, se é o caso, a súa denegación, será ditado polo órgano concedente, unha vez instruído o correspondente expediente, no que se dará audiencia ao interesado. Non obstante, poderase prescindir deste trámite de audiencia cando non figuren no procedemento, nin se teñan en conta na resolución outros feitos, alegacións ou probas que as aducidas polo interesado.

**Artigo 21. *Pagamento***

Tendo en conta que os beneficiarios non teñen que realizar xustificación do investimento, unha vez concedida a axuda o pagamento poderase realizar neste acto administrativo que o da concesión da axuda.

Para o pagamento da axuda é imprescindible que as persoas beneficiarias estean ao corrente nas súas obrigas tributarias e da Seguridade Social e que non teñan pendente de



pagamento ningunha outra débeda por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Igualmente, a persoa beneficiaria non terá pendente de pagamento ningunha obriga por reintegro de subvencións.

O pagamento das axudas efectuarase na conta bancaria que fose designada polo beneficiario

#### Artigo 22. *Verificación posterior ao pagamento da axuda*

Os servizos da Consellería do Mar realizarán os controis oportunos para verificar que a acción subvencionada non teña, nos cinco anos seguintes á data de resolución de pagamento da axuda, unha modificación fundamental das establecidas no artigo 71 do Regulamento (UE) núm. 1303/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro.

#### Artigo 23. *Incumprimento e reintegro das axudas*

1. Se a persoa beneficiaria incumpre calquera dos requisitos establecidos nestas bases e demais normas aplicables, así como as condicións e obrigas que, de ser o caso, se establezan na resolución de concesión da axuda, poderanse anular os beneficios concedidos coa obriga de reintegro da axuda ou subvención.

2. Procederá o reintegro total ou parcial da subvención concedida, así como os intereses de demora correspondentes desde o momento do pagamento da subvención e ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos supostos establecidos nos artigos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 74, 75 e 76 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Ademais, será tamén causa de reintegro, de acordo coas directrices comunitarias para o exame das axudas estatais no sector da pesca e da acuicultura (2008/C84/06), a comisión de infracción do dereito comunitario pola persoa beneficiaria e, en especial, das normas da política pesqueira común durante o período cuberto pola subvención. O reembolso das axudas será proporcional á gravidade da infracción cometida.

4. Sen prexuízo da obriga de reintegro, se como consecuencia dunha comprobación posterior ou de calquera outra verificación, se constatase falsidade nas declaracións mencionadas nesta orde, serán de aplicación as infraccións e sancións establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



5. Para este procedemento de reintegro terase en conta o establecido no capítulo II do título II da Lei de subvencións de Galicia.

#### Artigo 24. *Infraccións e sancións*

Sen prexuízo do establecido nos puntos anteriores, aos beneficiarios das axudas reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### Artigo 25. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, á que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

#### Artigo 26. *Publicidade*

1. En aplicación do establecido no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, serán obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia* as axudas concedidas, expresando a convocatoria, programa e crédito orzamentario á que se imputan, a persoa beneficiaria, a cantidade concedida e a finalidade da subvención, coas excepcións previstas no devandito artigo, de ser o caso.

Así mesmo, serán igualmente obxecto de publicidade a través da páxina web da Consellería do Mar (<http://mar.xunta.gal/>) a relación de beneficiarias e o importe das axudas concedidas.

2. A Consellería do Mar remitirá á Base de datos nacional de subvencións información sobre as convocatorias e resolucións de concesións ditadas, nos termos establecidos nos artigos 18 e 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.





3. Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, tramitarase á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Diario Oficial de Galicia*.

**Artigo 27. Servizo Nacional de Coordinación Antifraude**

Calquera persoa que teña coñecemento de feitos que poidan ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación con proxectos ou operacións financiados total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea no marco da presente convocatoria poderá poñer os ditos feitos en coñecemento do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude na Intervención Xeral da Administración do Estado, polos medios electrónicos a través da canle habilitada para o efecto polo dito servizo no enderezo web <http://www.igae.pap.minhafp.gob.es/sitios/igae/es-ES/Paginas/denan.aspx>, e nos termos establecidos na Comunicación 1/2017, do 3 de abril, que se pode consultar no enderezo web <http://www.igae.pap.minhafp.gob.es/sitios/igae/es-ES/snca/Documents/ComunicacionSN-CA06-04-2017Canaldenuncias.pdf>.

**Disposición adicional primeira. Normativa aplicable**

No non previsto nesta orde observárase o que establece a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e os do seu regulamento de execución; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; o Real decreto 277/2016, do 24 de xuño, polo que se regulan as organizacións profesionais no sector dos produtos da pesca e da acuicultura, modificado polo Real decreto 703/2020, do 28 de xullo; así como o Real decreto 956/2017, do 3 de novembro, polo que se establece o marco regulador de axudas ás organizacións profesionais do sector da pesca e da acuicultura, cofinanciadas polo FEMP, e as súas bases reguladoras de ámbito estatal, modificado polo Real decreto 703/2020, do 28 de xullo.

Así mesmo, será de aplicación o disposto na normativa comunitaria, en concreto, no Regulamento (UE) núm. 1303/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, relativo ás disposicións comúns dos fondos estruturais e de investimentos europeos, e no Regulamento (UE) núm. 508/2014, do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP).



**Disposición adicional segunda**

Delégase na persoa titular da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica a resolución destas axudas.

**Disposición derradeira primeira**

Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica para ditar as resolucións necesarias para o desenvolvemento desta orde.

**Disposición derradeira segunda**

Esta orde producirá efectos a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 30 de xullo de 2021

Rosa María Quintana Carballo  
Conselleira do Mar




**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DO MAR

ANEXO I

PROCEDEMENTO <b>AXUDAS DESTINADAS Á CREACIÓN DE ORGANIZACIÓNS DE PRODUTORES PESQUEIROS E ASOCIACIÓNS DE ORGANIZACIÓNS DE PRODUTORES PESQUEIROS</b>	CÓDIGO DE PROCEDEMENTO <b>PE155D</b>	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	-------------------------

<b>DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE</b>								
RAZÓN SOCIAL						NIF		
<input type="text"/>						<input type="text"/>		
TIPO	NOME DA VÍA				NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>				<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
PARROQUIA				LUGAR				
<input type="text"/>				<input type="text"/>				
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO			LOCALIDADE			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>			<input type="text"/>			
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO						
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>						

<b>E, NA SÚA REPRESENTACIÓN</b> (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
Nome/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

<b>DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN</b>	
Todas as notificacións ás persoas interesadas se realizarán só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal <a href="https://notifica.xunta.gal">https://notifica.xunta.gal</a> Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365. Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:	
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO
<input type="text"/>	<input type="text"/>

<b>DATOS BANCARIOS</b>	
Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.	
TITULAR DA CONTA	NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)
<input type="text"/>	IBAN <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/>

<b>ANUALIDADES DE FUNCIONAMENTO DA OPP PARA AS CALES SOLICITA A AXUDA</b>			
	<b>ANUALIDADE</b>	<b>PERÍODO (DE dd/mm/aa A dd/mm/aa)</b>	
<input type="radio"/>	PRIMEIRA ANUALIDADE	DE <input type="text"/> A <input type="text"/>	
<input type="radio"/>	SEGUNDA ANUALIDADE	DE <input type="text"/> A <input type="text"/>	
<input type="radio"/>	TERCEIRA ANUALIDADE	DE <input type="text"/> A <input type="text"/>	
<input type="radio"/>	CUARTA ANUALIDADE	DE <input type="text"/> A <input type="text"/>	
<input type="radio"/>	QUINTA ANUALIDADE	DE <input type="text"/> A <input type="text"/>	




**ANEXO I**  
 (continuación)

**A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:**

1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención.  
 Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE

 2. Que, en relación coas axudas *de minimis*:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha axuda *de minimis*.  
 Si solicitou e/ou se lle concederon axudas *de minimis*, que son as que a seguir se relacionan:


ORGANISMO	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE

 Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña en réxime *de minimis* doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

- Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
- Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Non ter cometido infracción grave da política pesqueira común definida como tal en actos legislativos do Parlamento Europeo e do Consello. No marco do FEP ou FEMP, non ter sido declarado culpable de cometer fraude, segundo a definición do artigo 1 do Convenio relativo á protección dos intereses financeiros das comunidades europeas (DOUE serie C 316, do 27.11.1995).
- Non estar nin ter estado nos últimos 24 meses involucrado na explotación, xestión ou propiedade dos buques incluídos na lista comunitaria dos buques INDNR (pesca ilegal non declarada e non regulamentada) ou de buques que nin estean nin estivesen nos últimos 12 meses enarborando o pavillón de países considerados terceiros países non cooperantes ao abeiro do Regulamento (CE) nº 1005/2008 do Consello.
- Manter a condición de beneficiario, cumprindo os requisitos de admisibilidade previstos no artigo 10 do Regulamento FEMP.
- Cumprir o disposto nos artigos 71 e 140 do Regulamento 1303/2013, do 17 de decembro de 2013 (Regulamento RDC).
- Levar unha contabilidade separada, ou dispor dun código contable adecuado das transaccións relacionadas coas operacións obxecto de financiamento.
- Acreditar, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión, que está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Someterse a actuacións de control dos distintos órganos competentes
- Ter sido recoñecida como unha OPP ou AOP no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Estar inscrita no Rexistro de Organizacións de Produtores Pesqueiros ou Rexistro de Asociacións de Organizacións de Produtores Pesqueiros establecidos no artigo 8 do Real decreto 277/2016.
- Haber recepcionado a notificación da resolución favorable da Administración competente de recoñecemento da OPP o AOP a partir do 1 de xaneiro de 2014.
- No caso das OPP ter presentados, desde a data de recoñecemento, os correspondentes plans de produción e comercialización (PPeC) e ter obtido a súa aprobación, segundo o establecido no artigo 14.3 e 14.5 do Real decreto 277/2016, do 24 de xuño.
- No caso das OPP ter presentados, desde a data de recoñecemento, os correspondentes informes anuais dos PPeC e ter obtido a súa aprobación, segundo o establecido no artigo 15.3 do Real decreto 277/2016, do 24 de xuño

**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE**

	ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
<input type="checkbox"/> Anexo II			
<input type="checkbox"/> Poder suficiente da persoa representante no caso de que tal poder non figure nos estatutos			
<input type="checkbox"/> Copia da escritura de constitución e estatutos da sociedade, así como as modificacións ulteriores debidamente inscritas no rexistro correspondente			
<input type="checkbox"/> Certificado actualizado da declaración censual de alta en obrigacións tributarias			
<input type="checkbox"/> Resolución da axuda no caso de axudas doutras administracións distintas da Xunta de Galicia, de ser o caso			


**SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: tjnjakf5-ij3-zoc7-fiw3-od89lqoe4zu3




**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DO MAR

**ANEXO I**  
 (continuación)

COMPROBACIÓN DE DATOS	
Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa representante	<input type="checkbox"/>
Consulta de concesións de subvencións e axudas	<input type="checkbox"/>
Certificado de estar ao día no pagamento para percibir axudas ou subvencións á Atriga	<input type="checkbox"/>
Informe acreditativo de non ter sanción firme pendente de pagamento por infracción da normativa marítimo-pesqueira, emitido polo Servizo Técnico-Xurídico da Consellería do Mar	<input type="checkbox"/>
Informe acreditativo de non estar en concurso de acredores (artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia) obtido a través do Rexistro Público Concursal do Ministerio de Xustiza	<input type="checkbox"/>
Informe acreditativo de non ter cometido infracción grave da política pesqueira común, do Regulamento (CE) nº 1005/2008 do Consello, polo que se establece un sistema contra a pesca ilegal, non declarada e non regulamentada, e do Regulamento (CE) nº 1224/2009 do Consello, polo que se establece un réxime comunitario de control, emitido polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación	<input type="checkbox"/>
Informe do Servizo Técnico-Xurídico da Consellería do Mar de non ter cometidas infraccións graves conforme o disposto no artigo 10.1.a) do Regulamento (UE) nº 508/2014, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca	<input type="checkbox"/>
Non ter sido declarado culpable de cometer fraude segundo o Sistema nacional de publicidade de subvencións do Ministerio de Facenda, no marco do FEMP	<input type="checkbox"/>
Informe acreditativo de non estar nin ter estado nos últimos 24 meses involucrado na explotación, xestión ou propiedade dos buques incluídos na lista comunitaria dos buques INDNR, obtido a través da base de datos do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación	<input type="checkbox"/>
Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social	<input type="checkbox"/>
Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias á Atriga	<input type="checkbox"/>
<b>CONSENTIMIENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS</b> A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA
NIF da entidade solicitante	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa AEAT	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería do Mar.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1, letras c) e e), do RXPd e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarios dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, se é o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <a href="https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos">https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos</a>
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	<a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a>



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DO MAR**ANEXO I**  
(continuación)**LEXISLACIÓN APLICABLE**


- Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, texto refundido aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Regulamento (UE) 1379/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2013, polo que se establece a organización común de mercados no sector dos produtos da pesca e da acuicultura, modifícanse os regulamentos (CE) 1184/2006 e (CE) 1224/2009 do Consello e derógase o Regulamento (CE) 104/2000 do Consello.
- Regulamento (UE) 1380/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2013, sobre a política pesqueira común, polo que se modifican os regulamentos (CE) 1954/2003 e (CE) n° 1224/2009 do Consello, e deróganse os regulamentos (CE) 2371/2002 e (CE) 639/2004 do Consello e a Decisión 2004/585/CE do Consello.
- Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e derógase o Regulamento (CE) 1083/2006 do Consello.
- Regulamento (UE) 508/2014, do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014 relativo ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se derogan os regulamentos (CE) 2328/2003, (CE) 861/2006, (CE) 1198/2006 e (CE) 791/2007 do Consello.
- Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- Real decreto 277/2016, do 24 de xuño, polo que se regulan as organizacións profesionais no sector dos produtos da pesca e da acuicultura.
- Real decreto 956/2017, do 3 de novembro, polo que se establece o marco regulador de axudas ás organizacións profesionais do sector da pesca e da acuicultura, cofinanciadas polo FEMP, e as súas bases reguladoras de ámbito estatal, e polo que se modifican o Real decreto 418/2015, do 29 de maio, polo que se regula a primeira venda de produtos pesqueiros, e o Real decreto 277/2016, do 24 de xuño, polo que se regulan as organizacións profesionais no sector dos produtos da pesca e da acuicultura.
- ORDE do 30 de xullo de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas en réxime de concorrencia competitiva destinadas á creación de organizacións de produtores pesqueiros e asociacións de organizacións de produtores pesqueiros do sector dos produtos da pesca e da acuicultura reconecidas no ámbito exclusivo da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (código de procedemento PE155D).

**SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE**

Lugar e data

 ,  de  de 

Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e innovación Tecnolóxica

 **SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora**XUNTA DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>


**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DO MAR

**ANEXO II**
**DECLARACIÓNS RESPONSABLES**

PE155D - AXUDAS DESTINADAS Á CREAMENTO DE ORGANIZACIÓNS DE PRODUTORES PESQUEIROS E ASOCIACIÓNS DE ORGANIZACIÓNS DE PRODUTORES PESQUEIROS

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE	
RAZÓN SOCIAL	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>

E, NA SÚA REPRESENTACIÓ			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

**DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:**  
 Que o valor e volume da produción en primeira venda dos membros da organización foron os seguintes (cubrir para las anualidades solicitadas):

 1ª ANUALIDADE: 20  (ANO DA RESOLUCIÓN DE RECOÑECIMENTO)

ANO*	GALICIA		FÓRA DE GALICIA		VOLUME TOTAL Tm	VALOR TOTAL €	1 % VALOR TOTAL €
	VOLUME VENDAS Tm	VALOR €	VOLUME VENDAS Tm	VALOR €			

\* tres anos naturais anteriores ao primeiro ano de funcionamento (ano da resolución de recoñecemento)

 1ª ANUALIDADE: 20 

ANO*	GALICIA		FÓRA DE GALICIA		VOLUME TOTAL Tm	VALOR TOTAL €	1 % VALOR TOTAL €
	VOLUME VENDAS Tm	VALOR €	VOLUME VENDAS Tm	VALOR €			

\* tres anos naturais anteriores ao primeiro ano de funcionamento

 3ª ANUALIDADE: 20 

ANO*	GALICIA		FÓRA DE GALICIA		VOLUME TOTAL Tm	VALOR TOTAL €	1 % VALOR TOTAL €
	VOLUME VENDAS Tm	VALOR €	VOLUME VENDAS Tm	VALOR €			

\* tres anos naturais anteriores ao primeiro ano de funcionamento

 4ª ANUALIDADE: 20 

ANO*	GALICIA		FÓRA DE GALICIA		VOLUME TOTAL Tm	VALOR TOTAL €	1 % VALOR TOTAL €
	VOLUME VENDAS Tm	VALOR €	VOLUME VENDAS Tm	VALOR €			

\* tres anos naturais anteriores ao primeiro ano de funcionamento

 5ª ANUALIDADE: 20 

ANO*	GALICIA		FÓRA DE GALICIA		VOLUME TOTAL Tm	VALOR TOTAL €	1 % VALOR TOTAL €
	VOLUME VENDAS Tm	VALOR €	VOLUME VENDAS Tm	VALOR €			

\* tres anos naturais anteriores ao primeiro ano de funcionamento








**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DO MAR

**ANEXO II**  
 (continuación)

**DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:** (continuación)

Que o tipo de organización profesional a que se refire a solicitude é:

- OPP (organización de produtores pesqueiros)  
 AOP (asociación de organizacións de produtores pesqueiros)

Que a clasificación segundo o segmento ao que pertence a devandita organización conforme o artigo 2.4 do Real decreto 277/2016, do 24 de xuño, é:

a) Sector da pesca.

- Segmento de pesca de altura e grande altura: constituídas por produtores con buques que operen en máis dun 50 %, medido en cómputo anual, en caladoiros da Unión Europea e caladoiros internacionais, independentemente das artes de pesca utilizada, cunha duración media da marea superior a cinco días.  
 Segmento de pesca litoral: constituídas por produtores con buques que operen no caladoiro nacional ou noutros caladoiros contiguos a el, independentemente das artes de pesca utilizada, cunha duración media da marea de entre un e cinco días.  
 Segmento de pesca local: constituídas por produtores con buques cuxa actividade, independentemente das artes de pesca utilizada, teña unha duración media da marea inferior a un día.  
 Outros segmentos da pesca: almadrabas, marisqueo.

b) Sector da acuicultura.

- Segmento de acuicultura mariña: constituídas por produtores cuxa produción se realice con auga de mar ou salobre.  
 Segmento de acuicultura continental: constituídas por produtores cuxa produción se realice con auga doce.

c) Conxuntas de pesca e acuicultura.

- Constituídas pola combinación dalgún dos segmentos indicados na letra a) e dos segmentos indicados na letra b).

Que os datos do valor e volume da produción en primeira venda dos membros da organización correspondentes aos 3 anos naturais anteriores á solicitude da axuda son os seguintes:

ANO	GALICIA		FÓRA DE GALICIA		VOLUME TOTAL Tm	VALOR TOTAL €
	VOLUME VENDAS Tm	VALOR €	VOLUME VENDAS Tm	VALOR €		
2020						
2019						
2018						

Que para os efectos do cálculo do INDICADOR DE RESULTADOS, segundo o Regulamento delegado (UE) núm. 1014/2014, do 22 de xullo, relativo ao contido e á construción dun sistema común de seguimento e avaliación da operacións cofinanciadas no marco do FEMP e segundo se recolle no programa operativo do FEMP, o valor da produción comercializada pola OPP ou AOP solicitante foron os seguintes:

Descrición	Ano inicial*	Ano final *
Valor en primeira venda (€) **		
Volumen en primeira venda (Tm) **		


\* No campo de "Ano inicial" deberase indicar a produción na data do 31 de decembro do ano anterior á Resolución de aprobación do recoñecemento. No campo "Ano final" debera indicarse a produción a 31 de decembro do último ano polo que solicita a axuda.  
 \*\* A unidade tramitadora contrastará a información declarada cos datos existentes nas bases de datos oficiais e no caso de discordancia, prevalecerán estes últimos.

**SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE**

Lugar e data

 ,  de  de 


Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica


 SEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas formas previstas na súa norma reguladora  
<https://sede.xunta.gal>
